

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA.
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
San Lázaro s/n. 15781 Santiago de Compostela

D. **Leopoldo Rodríguez Puga**, con DNI nº 34944326-N, con domicilio na rúa Lugar de San Torcuato, nº 6, C.P 32.800 a efectos de notificacións en CELANOVA, no concello de CELANOVA, provincia de OURENSE, teléfono 616 27 55 58.

En representación do grupo municipal do BNG no Concello de Celanova,

fago as seguintes consideracións ao DOCUMENTO DE INICIO DO PROXECTO *MONTE DA NEVE* (Código do proxecto: 2021/0036).

EXPÓN:

Á vista do expediente arriba referenciado relativo ao proxecto eólico Monte da Neve, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS**:

Na Galiza existe xa un masivo aproveitamento eólico. O país é excedentario na produción de enerxía eléctrica. O aproveitamento que se propón no documento inicial do polígono do Monte da Neve non trata de producir enerxía para paliar deficiencias na oferta e que redunde na maioría das persoas consumidoras da zona, senón que responde a un único interese privado. As obras proxectadas ocasionarían negativos efectos sobre o ecosistema do monte e da paisaxe nalgúns casos cun carácter irreversible. A proposta de instalación debe ponderarse de acordo con outras aspiracións sociais en xogo como é a protección do patrimonio arqueolóxico, natural e cultural.

Eses efectos negativos impedirán ou dificultarán alternativas de desenvolvemento económico que atendan ás potencialidades de Celanova, en especial, actividades ligadas o patrimonio artístico e cultural do conxunto histórico da vila e da súa contorna. E condicionarían a capacidade futura das xeracións vindeiras de habitar o territorio en base a uns valores distintos os nosos, en canto que no proxecto ningunha Administración Pública poderá intervir durante os próximos 25 anos e o acordo entre partes privadas poderá prorrogarse canto consideren esas partes en función dos seus exclusivos intereses.

A Xunta de Galiza debe atender os obxectivos de calidade paisaxística definidos no **Convenio Europeo da Paisaxe (2000)**, que se entenden como “a formulación, por parte das autoridades públicas competentes, das aspiracións das poboacións no que atinxe ás características paisaxísticas da súa contorna” (art. 1C). E debe “establecer procedementos para a participación do público, as autoridades locais e outras partes interesadas” nas políticas en materias de paisaxe (art.5C).

Desafortunadamente, no Concello de Celanova non existen políticas en materia de protección, xestión e ordenación da paisaxe, como recomenda o Convenio Europeo da Paisaxe. Nin ferramentas nas políticas de ordenación territorial e urbanística (por exemplo, unha Avaliación Ambiental Estratéxica, ligada ao PXOUM, redactado hai 25 anos) que permitan certo grado de protección. Esta debilidade institucional debe ser compensada pola Xunta defendendo os

intereses das veciñas e veciñas que os gobernos municipais non son quen de defender porque non contan con ferramentas para facelo.

A Administración Pública galega debería ademais cuestionar a normativa actual sobre este tipo de infraestruturas, dado que estamos diante dun proxecto impulsado por una empresa, BAY WA, con sede en Múnic, á quen as leis do estado de Baviera impiden levantar naquel territorio un polígono destas mesmas características. A lei 10H-Regelung, de 2014, do Estado Libre de Baviera limita a colocación de aeroxeneradores das dimensións dos proxectados para o Monte da Neve a una distancia, a respecto das poboacións máis próximas, de máis do dobre que a lexislación que se aplica na Galiza. A Xunta debería ter a precaución de coñecer que efectos para saúde das poboacións e outros efectos socioeconómicos intenta evitar aquela normativa alemá e reformar as leis canto sexa preciso para que as galegas e os galegos gocen da mesma protección que calquera cidadá de Baviera.

1. Fragmentación do proxecto en varios proxectos pendentes

O documento inicial rexistrado non presenta un estudo de avaliación do impacto ambiental nin un estudo de avaliación do impacto sobre patrimonio nin tampouco un proxecto de liñas de evacuación, informes que se adían para unha fase posterior da tramitación.

Tal fragmentación non parece ter outra razón que a de eludir o control público para a protección do medio ambiente.

Impídese a avaliación ambiental do proxecto global, recorrendo a unha fragmentación do plan que deturpa a finalidade da consulta pública e da avaliación do proxecto total, un dereito cidadá recollido no **Convenio de Aarhus**, no artigo 45 da **Constitución española** e na **Lei 27/2006**, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O documento presenta a avaliación un proxecto no que NON figuran os seguintes informes:

- Estudo de impacto ambiental
- Plan de vixilancia de aves e quirópteros
- Estudo de impacto sobre o patrimonio
- Memoria de impacto arqueolóxico
- Estudo de impacto e integración paisaxística
- Estudo de ruído
- Proxecto de liñas de evacuación
- Proxecto de subestación de medida ao final da liña

Confórmase a Xunta de Galiza cunha tramitación inicial na que non se respectan as mínimas garantías de participación pública e sen coñecer as principais afeccións á paisaxe, ao medio, á fauna e á flora, á saúde e ao patrimonio?

2. Impacto sobre a PAISAXE

O proxecto propón un polígono eólico de 7 aeroxeneradores cunha altura de 102 metros até o rotor e palas de 72,5 metros, instalados sobre cotas por riba dos 800 metros de altitude a uns tres quilómetros do casco urbano de Celanova, situado nunha cota de 540 metros de altitude.

Varios aeroxeneradores serán visíbeis desde practicamente calquera punto do casco urbano da vila e, nun radio duns 20 quilómetros desde varios puntos de vinte concellos da contorna de Celanova, nas que se inclúen as áreas máis poboadas da cunca media do Arnoia.

Eses sete aeroxeneradores formarían unha continuidade coas 19 máquinas en funcionamento no Polígono do Vieiro, distante menos de dous quilómetros, nunha liña de oeste a este que pasaría a formar parte da paisaxe onde remata o conxunto orográfico da Serra do Leboreiro no Val de Celanova.

A área onde se promove o polígono está catalogada entre as zonas de exposición visual no **Catálogo das Paisaxes de Galiza (2016)**, e está próxima a áreas de especial interese paisaxístico: a 3 quilómetros de Castromao e a 6,6 quilómetros de Penagache, como se recoñece no propio documento que aquí se alega.

Cos aeroxeneradores nunha cota próxima aos 1.000 metros de altitude, nese rebordo da penechira de Celanova-Verea asomada ao val e co núcleo máis importante da comarca a 3 quilómetros de distancia, o impacto visual e sobre a paisaxe é severo. E incumpre de modo flagrante as **Directrices da Paisaxe Galega (2020)**, en particular os **Obxectivos da Paisaxe no seu punto 12**, referido á necesidade de planificar “explotacións extractivas nas serras (...) segundo criterios acordados cos valores paisaxísticos e coas adecuadas dimensións, minimizando o seu impacto visual” (12C.2) e tendo en conta “o seu efecto acumulativo na paisaxe” (12C.3); así como a **Directriz 16(N)** que recomenda unha revisión do Plan Sectorial Eólico de Galiza e di que “o cálculo da exposición visual terá en conta as zonas de maior exposición visual do Catálogo das Paisaxes de Galiza [entre as que se atopa a área afectada segundo vimos máis arriba] ou aplicará un cálculo máis preciso que teña en conta os mesmos factores: visibilidade desde núcleos de poboación e principais vías de comunicación ponderada en función do número potencias de observadores”.

No documento que se presenta, asinado en xuño de 2020, non se inclúe o estudo de impacto e integración paisaxística que exixen as directrices nin se avanza data nin estimación ningunha, como por exemplo, o número potencial de observadores “a partir da poboación e da intensidade media diaria das estradas incluídas na conca visual”. E non se avanza dato ningún malia a densidade dos asentamentos e o atractivo turístico da zona como entrada á Baixa Limia e acceso a Portugal, a través da Reserva da Biosfera Transfroteiriza Gêres-Xurés.

A única precisión nesta cuestión sinala que “non se localizan cidades que concentren un alto número de observadores, estando Ourense a máis de 20 quilómetros de distancia”, subliñando o carácter dun discurso empresarial extractivista contrario os dereitos da poboación amparados no Convenio Europeo da Paisaxe.

O discurso que o documento inicial introduce para xustificar a asunción (por parte da empresa) deste tipo de afeccións revela a ideoloxía colonial ao redor do que se considera un espazo de extracción –no que os habitantes, escasos desde algunha medida cuantitativa (e, polo tanto, prescindíbeis como suxeitos de dereitos; dereito á paisaxe, por exemplo)– xa deteriorado polo efecto desa mesma práctica de explotación. “Ao tratarse dunha paisaxe na que se observa a presenza de parques eólicos en funcionamento considérase que a súa fragilidade non

augmentará ao proceder á implantación das sete máquinas do novo parque eólico, xa que non suporán a introdución de un novo uso e elemento na paisaxe”, afirma o texto.

Isto no Estado Libre de Baviera, en calquera área densa en asentamentos como a da contorna de Celanova, non pasa. Polo menos desde o ano 2014. Aquel non é un espazo de extracción a seguir deteriorando. Este, o noso, parece que si.

3. Impacto sobre o PATRIMONIO HISTÓRICO e CULTURAL

Celanova é unha vila milenaria e reúne unha área cun grande patrimonio histórico material e inmaterial. Na contorna da vila están catalogados nove BIC. Entre eles, a capela mozárabe de San Miguel (declarada monumento nacional en 1923), o Mosteiro de San Salvador (fundado no ano 936 e declarado monumento nacional en 1931), a fortaleza medieval de Vilanova dos Infantes (BIC desde 1994) e a citania de Castromao (que alcanzou a categoría de BIC o ano pasado). Tal e como recoñece o propio documento de inicio, as máquinas do polígono eólico serán “potencialmente visíbeis desde estes elementos”. Estes monumentos son centro de actividade turística e cultural con visitas guiadas e en Vilanova celébrase anualmente unha feira etnolóxica.

Alén dese impacto directo na paisaxe do conxunto monumental da vila e dos BIC catalogados, na propia área de execución do proxecto están catalogados certos bens patrimoniais, fundamentalmente o conxunto de mámoas, aos que se refire o documento de inicio (páxinas 125 e 126) sen achar outra solución que aprazar o estudo de impacto arqueolóxico, que non se contempla, ao momento da realización do estudo de impacto ambiental.

Diferentes fontes apuntan a posibilidade de que existan na poligonal do parque ou moi próximos, outros bens susceptíbeis dalgún tipo de protección patrimonial. Entre eles, o castro de Cañón, o tramo da vía romana hoxe convertido na ruta Camiño de San Rosendo e catalogado como Camiño Natural polo Estado, a explotación mineira romana de Fontechide, a Casa da Neve que servía os monxes asentados en Celanova, e o que se consideran os restos altomedievais dunha capela, así como unha fortificación e dous poboados nos lugares de O Santo, Soutomanco e Cachiquimbra.

O BNG solicitou do Concello de Celanova a tramitación urxente da catalogación do espazo como lugar a protexer co fin de que se realice, baixo a dirección do departamento de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, unha cata arqueolóxica que permita determinar o conxunto de bens existentes na área do polígono proxectado.

4. Impactos AMBIENTAIS

O polígono eólico que proxecta o documento sitúase a uns 4 quilómetros do límite da Reserva da Biosfera Transfroteiriza Gêres-Xurés e a 3 quilómetros da Reserva da Biosfera da Área de Allariz. O polígono eólico levantaríase a uns oito quilómetros o noroeste dunha área de **REDE NATURA 2000**, polo que é sensato concluír que se toparía nun espazo susceptíbel de ampliación futura da Rede, impedindo ou dificultando esa figura de protección, cando menos, nos próximos 25 anos tal e como quedou subliñando máis arriba, comprometendo alternativas futuras de desenvolvemento e de protección do medio das vindeiras xeracións.

4.1. Afeccións cursos fluviais. O propio documento de inicio recoñece e asume afeccións directas os cursos fluviais da Corga de Sampil, un afluente “innominado” de Outeiro de Cañón e outro do Rego de Albeal, con infraestruturas previstas nas zonas de policía de conca e “a menos de 100 metros dos cursos fluviais”. Por efecto da erosión coa desaparición da capa vexetal e coa chuvia, o informe advirte ademais de “dificultades para a fauna e a flora acuáticas o aumentar a turbidez das augas”.

4.2. Hábitats catalogados. Tamén recoñece que as estruturas do polígono proxectado localizaranse “sobre varias manchas de hábitats catalogados”, con presenza de uceiras secas europeas, uceiras oromediterráneos endémicos con aliaga, e rochedos silíceos con vexetación pioneira. Pero deixa para máis adiante o estudo de “zonificación” e as medidas para reducir ese impacto.

4.2. Especies en perigo. Na páxina 99, o documento asume que o polígono pode provocar impactos sobre dúas especies en perigo de extinción (*Aquila chrysaetos* e *Chalcides bedriagai*) e sobre outras dezaseis catalogadas como vulnerábeis (entre elas, anfibios, mamíferos, avifauna e tamén un tipo de réptil).

4.2. Erosión e diminución da biodiversidade. Na páxina 130, o documento recoñece que nas sucesivas fases de execución do polígono produciranse impactos negativos como a destrución de solos, a perda da calidade das augas, o aumento da erosión, a modificación do terreo e da paisaxe, a destrución de flora e modificacións no seu crecemento, danos directos á fauna, destrución de hábitats e desprazamentos de especies, perda de biodiversidade e nos espazos protexidos.

Por todo o anterior, cabe concluír que as obras, cos movementos de terras precisos para as infraestruturas de circulación de vehículos e o transporte da enerxía, a construción das bases e o levantamento das máquinas con máis de 800 toneladas de aceiro, a instalación da subestación e a operativa do polígono non semellan compatíbeis coa protección e conservación do medio nin coa fauna nin coa vexetación que nel ten presenza. E ademais o plan vulnera a **Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres**, que inclúe no seu catálogo as uceiras e rochedos indicados antes (códigos 4030, 4090 e 8230). A mesma directiva, ademais, lembra que “calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar” (art. 6.3). Tal avaliación non figura neste proxecto.

5. Outros impactos na SAÚDE e posíbeis efectos sinérxicos

O documento inicial considera “de escasa entidade” as seguintes alteracións da saúde “que se poderían producir”: aumento de rúidos, efecto escintilante polas sombras e emisión de partículas sólidas (páx. 161). Como no casos doutras afeccións, o informe concreto déixase para máis adiante, “na fase preoperacional” e se indica que teranse en conta “as ordenanzas municipais sobre o ruído que estean vixentes no momento do estudo”. En Celanova, como anotamos máis arriba, a debilidade institucional provoca un baleiro normativo e non hai ferramenta para paliar os efectos máis negativos tamén neste ámbito.

As poboacións máis próximas ás máquinas son Cardeo, Cigarrosa e Gontán, a menos dun quilómetro de distancia, separación que como quedou subliñado resultaría insuficiente para cumprir a norma bávara. O propio documento avanza que mesmo “durante a fase de explotación” as veciñas e veciños de Cardeo, Cigarrosa, Albos e Gontán quedarán expostas a niveis de son de 40 decibelios (dB).

Tamén recoñece o documento a posibilidade de que se produzan potenciais efectos sobre a calidade das augas.

Finalmente, o informe advirte ao respecto da proximidade do parque do Vieiro o polígono proxectado no Monte da Neve en canto a “efectos sinérxicos en explotación no referente ao ruído, a fauna e a paisaxe”. Sobre a fauna, sinala que eses efectos sinérxicos poden “aumentar o risco de colisión da avifauna e dos morcegos”. Ademais, recoñece que no caso da paisaxe cabe esperar “unha imaxe de continuidade podendo xerar fatiga no observador”.

6. Prevalencia das normas de protección ambiental e da paisaxe, e dos intereses culturais e arqueolóxicos

Por todo o anterior, e tendo en conta a relevancia histórica, monumental e cultural de Celanova e o potencial arqueolóxico por descubrir, concluímos que debe prevalecer o interese cultural e arqueolóxico sobre o aproveitamento enerxético. Tamén, consideramos que diante do risco de destrución de especies, do propio medio e da posibilidade de que empeoren as condicións de vida con ruído constante, contaminación visual, e os efectos nocivos de liñas de alta tensión que pasan ao lado das casas ou a menos de 500 metros dos aeroxeneradores deben prevalecer as normas de protección ambiental sobre os intereses da explotación de enerxía por actores privados.

Esta infraestrutura pode producir impactos que atentaría contra a lexislación ambiental galega como a **Lei 1/1995, de protección ambiental de Galiza**, e a **Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade**, que establece como principios, entre outros: o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano, a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, e “a conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

O rexeitamento do proxecto eólico Monte da Neve e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

Celanova, 30 de marzo de 2021 Asdo.- _____